

Celga



2

PROBA B (ORAL)

Caderno do persoal examinador



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C2-B-I-23

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, vai ler vostede un artigo sobre os xogos e a maneira de divertirse das nenas e nenos. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Facer un breve relato.
- Conversar sobre o tema.

Perdoen as molestias. Estamos xogando

«A cear!» Con este berro desde a ventá, moitas nais poñían fin, décadas atrás, ao barullo dos nenos xogando na rúa, lonxe da vixilancia dos maiores.



Unha imaxe que se foi perdendo ata quedar practicamente como un recordo dos adultos que hoxe teñen corenta anos ou máis.

Que ben o pasabamos! Moitos de nós xogamos a «papás e mamás», aos «médicos», a «indios e vaqueiros» ou a ser mestras, cocineiros, princesas, cantantes... Inventabamos mundos onde eramos os protagonistas e podíamos conseguir case todo o que nos propoñíamos.

Devolverlles a rúa aos nenos

Non facía falta quedar nin organizar nada. Simplemente nos xuntabamos na rúa despois de merendar e facer os deberes. Podía tocar balón, xogar ás agachadas, á pilla... Tiñamos unhas normas pero, de repente, viña un, marchaban dous e xa había que cambiar de regras.

«Vou xogar á rúa» é unha frase que xa non está no vocabulario das nenas e dos nenos. Intentemos recuperar ese costume e conseguir que forme parte das súas vidas porque é beneficioso para eles.

Os máis novos precisan tempo e espazo para xogar. Moitas das cousas importantes da vida aprendémolas xogando.

Escolas para aprender pero tamén para xogar

Na escola, ademais de estudar, tiñamos tempo para xogar. O patio era un lugar de alegría, de aventuras e tamén para facer algunha que outra trasnada. Era un momento de xogo compartido por nenos e nenas de diferentes idades e intereses.

As xeracións de agora, no canto de saír ao parque, están na casa vendo a televisión, xogando cos videoxogos ou á tableta. Iso, se non están facendo deberes ou nalgunha das moitas actividades extraescolares. Non teñen tempo nin para aburrirse.

E finalmente chegaban as vacacións: case tres meses sen clases, con tempo extra para divertirse. Os veráns eran longos e as vacacións tamén. Era habitual que os nenos pasasen o día enteiro xogando.

Correr, saír coa bici, co patinete ou, cando a calor apertaba, ir á praia, facer unha escapada ao río ou unha excursión polo monte eran momentos de diversión asegurada.

Xogar é un dereito de todos os nenos

O xogo non só serve para divertirse, senón que é fundamental para a saúde e o desenvolvemento dun neno. A Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO) di que «todos os nenos do mundo xogan e esta actividade é a principal razón de ser da infancia». Especifica que o xogo é vital porque «condiciona o bo desenvolvemento do corpo, da intelixencia e das emocións».

Xogar non é un luxo, é unha necesidade.

Non os apuremos, teñen toda a vida para ser grandes. Deixemos que aprendan xogando.

Elaboración propia a partir de diversas fontes

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que a persoa candidata se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que a poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ■ Como se chama? ■ A que se dedica? ■ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ■ Canto tempo leva estudando galego? ■ Por que o estuda? ■ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Que lle gusta máis da cultura galega? ■ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o persoal avaliador: a persoa candidata ten que realizar un resumo do artigo. Nesta fase preténdese comprobar que a persoa candidata entendeu o texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do artigo.</p> <ul style="list-style-type: none"> ■ Como eran os xogos dos nenos de antes? Onde xogaban? ■ Había tempo para divertirse na escola? ■ Como eran as vacacións? ■ Por que xogar é fundamental para os nenos? 	

3. RELATO

3 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador: nesta parte a persoa candidata debe relatar unha anécdota ou unha historia. A persoa entrevistadora escollerá unha das alternativas e diralle á persoa candidata que faga un **relato en 2 minutos aproximadamente**. Daráselle **1 minuto para pensar** ou organizar o seu relato e indicárselle o tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que a persoa candidata poida ser debidamente avaliada. Se non avanza, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que pasou? Cando? Como? Onde? Con quen? A opción de relato que se lle dá á persoa candidata (A, B, C...) debe manterse tamén na parte de interacción.

- A. Relate con detalle algunha anécdota que lle ocorrese a vostede ou a alguén coñecido xogando.
- B. Conte como era a escola á que ía de pequeno/a e que adoitaba facer nos recreos.
- C. Conte que facía e como se divertía cando chegaban as vacacións (de verán, de Nadal, de Entroido...).

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o persoal avaliador:

Apartir de temas relacionados co texto, establecerase unha conversa coa persoa candidata.

Hai que ter en conta que NON se trata dun interrogatorio.

As preguntas son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso da persoa candidata.

OPCIÓN A

- Lembra a que xogaba de pequeno? Que xogos eran os seus preferidos?
- Xuntábanse moitos nenos para xogar na rúa? Adoitaban xogar sempre ao mesmo ou cambiaban de xogos? Por que?
- Onde lle gustaba máis xogar, na rúa ou na casa? Por que?
- Cando saía xogar á rúa, ía acompañado dos seus pais ou ía só? Por que?
- Con quen acostumaba xogar? Cos irmáns, cos amigos, cos veciños?
- Cre que xogar é unha perda de tempo ou que os nenos aprenden xogando? Por que?
- Pensa que aos nenos de hoxe lles falta tempo para xogar? E espazos onde xogar?

(Se procede)

- Cre que a maneira de xogar dos nenos de Galicia cambia respecto do seu lugar de orixe. Por que?

OPCIÓN B

- Tiña escola de mañá e tarde ou só de mañás?
- Canto duraban os recreos? Cal era o xogo preferido durante o recreo?
- A que e como xogaban no patio do cole? Mudaron moito os xogos do recreo?
- Xogaban xuntos nenos e nenas ou había xogos diferentes segundo o sexo? Por que?
- Facíase deporte? Na clase de educación física ou no tempo libre? Por que?
- Que acostumaba facer cando viña da escola? Tiña moitos deberes? Tiña tempo para xogar?
- Pensa vostede que antes había máis imaxinación para xogar ca agora? Por que?
- Parécelle positivo que os nenos teñan actividades extraescolares? Non pensa que sería mellor que tivesen máis tempo para xogar? Por que?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza na maneira de xogar os nenos entre Galicia e o seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

- Con quen acostumaba pasar os veráns? Onde e como?
- Tiña tempo para divertirse ou tiña que estudar, axudar na casa...? Por que?
- Cando chegaban as vacacións de Nadal, con quen e como as pasaba? E no Entroido, como se divertía?
- Que opina dos campamentos de verán para que os nenos xoguen mentres os pais traballan? Cre que os nenos se divirten neste tipo de actividades?
- Como cre que o pasan mellor os nenos, nestes campamentos ou ao seu aire?
- Non cre que o ocio dos nenos se está a converter nun negocio? Por que?
- Parécelle que cambiou moito a maneira de divertirse da cativada? Como? Por que?
- Pensa que na aldea os nenos xogan de maneira diferente a como xogan na cidade? Por que?

(Se procede)

- Hai algunha diferenza na maneira de divertirse en Galicia respecto do seu lugar de orixe?

